



“SOCIEDADE GALEGA DE CALIDADE ASISTENCIAL” (SOGALCA)

ESTATUTOS

Outubro 2008



CAPITULO I: DENOMINACIÓN, CONSTITUCIÓN, ÁMBITO, FINS, ACTIVIDADES, DURACIÓN E DOMICILIO

Artº 1.- Coa denominación de SOCIEDADE GALEGA DE CALIDADE ASISTENCIAL (en adiante, SOGALCA), constitúese en Santiago de Compostela unha Asociación sen ánimo de lucro, de ámbito autonómico con personalidade xurídica propia e capacidade plena de obrar. Esta Asociación rexerese de acordo co establecido no artigo 22 da Constitución, a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións vixentes que regulen a materia.

Artº 2.- Constitúen os fins primordiais da SOGALCA a promoción das actividades de avaliación, monitorización, deseño e mellora da Calidade Asistencial, e todos aqueles aspectos relacionados coa docencia e investigación en temas relativos á xestión da Calidade, agrupando para tales fins a todos aqueles profesionais interesados e relacionados coa actividade sanitaria e socio-sanitaria. Para elo poderá, así mesmo, federarse ou asociarse con outras entidades e asociacións que persigan os mesmos fins.

Artº 3.- Para o cumprimento dos seus fins, a SOGALCA desenvolverá e organizará, entre outras, as seguintes actividades:

- 3.1 Favorecer o intercambio de información e experiencias en todos os aspectos relacionados coa xestión da calidade.
- 3.2 Promover o debate sobre os problemas relacionados coa calidade asistencial e as medidas a adoptar para solucionarlos.
- 3.3 Promocionar actividades docentes dirixidas a mellorar a formación de recursos humanos en xestión da Calidade.
- 3.4 Desenvolver proxectos, estudos, informes ou calquera tipo de aportación científica no ámbito dos seus fins.
- 3.5 Promocionar e orientar a investigación en materia de xestión da Calidade. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os seus asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- 3.6 E todas aquelas que resulten de interese para a promoción e desenvolvemento da calidade asistencial

Artº 4.- A asociación constitúese por tempo indefinido podendo ingresar nela novos socios ou causar baixa os antigos, sen necesidade de nova constitución. Tan só se disolverá, conforme a estes estatutos, por vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.



Artº 5.- O domicilio social establécese na rúa Travesía Choupana s/nº CP 15706 de Santiago de Compostela (A Coruña).

A asociación, en función dos seus fins e do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPITULO II: DOS ASOCIADOS, DEREITOS E DEBERES, PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE SOCIO.

Artº 6.- A organización interna e o funcionamento da SOGALCA, con pleno respecto ao pluralismo, conforme aos principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:

- a. que se identifiquen cos fins da asociación.
- b. que desexen colaborar coa mesma.

Artº 7.- Os socios teñen os seguintes dereitos:

- 7.1 A participar nas actividades da SOGALCA e nos Órganos de Goberno e Representación, a exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos.
- 7.2 A ser informados acerca da composición dos Órganos de Goberno e Representación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade. Poderán acceder a toda a información a través dos Órganos de Goberno e Representación.
- 7.3 A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- 7.4 A impugnar os acordos dos órganos da SOGALCA que estime contrarios á Lei ou aos Estatutos.
- 7.5 A separarse voluntariamente en calquera tempo.

Artº 8.- Os socios veñen obrigados a:

- 8.1 Compartir as finalidades da SOGALCA e colaborar para a consecución das mesmas.

8.2 Pagar as cotas, derramas e outras aportacións que, de acordo cos Estatutos, poidan corresponder a cada Socio.

8.3 Cumprir todas as obrigacións que resulten das disposicións Estatutarias.

8.4 Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos Órganos de Goberno e Representación.

Artº 9.- A condición de socio pérdese:

9.1 Por conduta que prexudique gravemente os intereses da SOGALCA. A Xunta Directiva abrirá expediente disciplinario sendo, en todo caso, a Asemblea Xeral quen decida sobre as posibles expulsións de socios. Presumirase que existe este tipo de conduta :

A) Cando deliberadamente impida ou poña obstáculos para o cumprimento dos fins sociais.

B) Cando deliberadamente impida ou poña obstáculos para o normal funcionamento dos Órganos de Goberno e Representación.

9.2 Por vontade propia, comunicada mediante escrito dirixido á Xunta Directiva.

9.3 Por impago das cotas legalmente establecidas, previa advertencia do Secretario ao interesado. Neste caso a súa expulsión será acordada pola xunta directiva e ratificada pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria. Se en 60 días non se modifica a situación orixinaria, procederase á súa baixa.

Artº 10.- Procedemento de admisión de socios:

10.1 Os interesados solicitarán a súa incorporación a SOGALCA mediante escrito dirixido ao Presidente. A admisión de Socios realizarase trala súa análise e aceptación pola Xunta Directiva, sempre que se cumpran as condicións previstas nos Estatutos. En caso de rexeitamento, informaranse das causas do mesmo.

10.2 A SOGALCA disporá dunha relación permanentemente actualizada dos seus Asociados.

Artº 11.- Tipos de socios. Os Socios clasifícanse nas seguintes categorías: fundadores, numerarios, honorarios e patrocinadores.

11.1 Son Socios Fundadores aquelas persoas que subscribiron a acta Fundacional.

11.2 Son Socios Numerarios aquelas persoas físicas que voluntariamente o soliciten e sexan aceptados pola Xunta Directiva.

- 11.3 Son Socios Honorarios todas aquelas persoas de recoñecido prestixio no campo da Calidade Asistencial que axuden de modo notable á asociación e aos seus fins e que sexan aceptados e recoñecidos como tales por acordo da Asemblea Xeral. Estarán exentos de pago das cotas e poderán asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.
- 11.4 Son Socios Patrocinadores aquelas persoas e entidades públicas ou privadas que realicen aportacións económicas ou doutra índole á SOGALCA por un importe igual ou superior a 1.000 € anuais. Ditas entidades debeán respectar na súa propia actividade os principios éticos e constitucionais que toma como base a propia SOGALCA, sendo a Xunta Directiva responsable de velar polo cumprimento destas condicións. Dita figura deberá ser aceptada pola Xunta Directiva e ratificada pola Asemblea Xeral. Poderán asistir ou delegar representacións nas Asembleas Xerais con voz, pero sen voto. En calquera acto científico organizado pola SOGALCA deberá figurar a lista de Socios Patrocinadores, ordenados segundo a contía aportada.

CAPITULO III: DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DE REPRESENTACIÓN, A ASEMBLEA XERAL, A XUNTA DIRECTIVA.

Artº 12.- Son órganos da SOGALCA, a Asemblea Xeral de Socios e a Xunta Directiva.

Artº 13.- A Asemblea Xeral de socios é o órgano supremo de goberno da SOGALCA.

- 13.1 O Presidente e o Secretario Xeral serán o Presidente e o Secretario da Xunta Directiva.
- 13.2 A Asemblea Xeral estará integrada por todos os Socios por dereito propio irrenunciable e en igualdade absoluta, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e reunirse por convocatoria da Xunta Directiva, na forma que establecen os presentes Estatutos.
- 13.3 As Asembleas poderán ser Ordinarias e Extraordinarias quedando validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría de Socios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes. Pero sempre coa presenza do Presidente o Vicepresidente e Secretario ou persoa que o substitúe. Serán válidas as representacións doutros socios, non superiores a dous se recaen sobre a mesma persoa, e sempre que se realicen por escrito e se informe ao Secretario da Asemblea ao inicio da mesma.
- 13.4 Entre a primeira convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral deberán transcorrer, polo menos, 15 días. A Asemblea Xeral poderá reunirse en segunda convocatoria 15 minutos máis tarde en caso de non existir quórum, sempre

que así se dispuxera na correspondente convocatoria. A notificación da convocatoria farase no taboleiro da Asociación para a asemblea ordinaria e o domicilio dos socios para a extraordinaria.

A Asemblea Xeral Ordinaria celebrarase, polo menos, unha vez ao ano notificándose aos socios mediante convocatoria a data, hora e lugar da mesma, e a orde do día que a rexerá.

A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirse sempre que sexa convocada polo Presidente ou cando o soliciten un número que represente polo menos o 10% dos socios, expresando na solicitude o tema a tratar.

De todas as asembleas levantarase acta, que asinarán o Presidente e o Secretario e lerase e aprobarase na seguinte sesión da Asemblea.

13.5 Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos socios presentes ou representados, e serán obrigatorios para todos eles, tanto presentes como ausentes. Non obstante, requirirá maioría cualificada dos socios presentes ou representados, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos a disolución da Asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou gravame de bens da Asociación, composición da Xunta Directiva, aprobar a federación con outras asociacións e ratificación de expulsión de socios.

Artº 14.- Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- 14.1 Exame e aprobación das contas e balances do exercicio cerrado.
- 14.2 Aprobar o plan de actividades.
- 14.3 Aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos e decidir sobre a aplicación de fondos para cada exercicio.
- 14.4 Aprobar regulamentos e normas de réxime interno.
- 14.5 Elección de membros da Xunta Directiva. Cando se trate de vacantes producidas antes de finalizar o período electo do cargo, os designados o serán tan só ata completar o prazo que falte ata as próximas eleccións, con obxecto de non alterar a orde de renovación.
- 14.6 Dispoñer todas as medidas encamiñadas a garantir o funcionamento democrático da SOGALCA.
- 14.7 Ratificar a expulsión de socios a proposta da Xunta Directiva. Designar aos Socios Honorarios e ratificar aos Socios Patrocinadores.
- 14.8 As demais que resulten dos presentes Estatutos.

Artº 15.- Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria

- 15.1 Modificación dos Estatutos da Asociación.
- 15.2 Aprobar a federación con outras Asociacións.
- 15.3 Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
- 15.4 Acordar a disolución da Asociación e designar aos liquidadores.
- 15.5 Solicitar a declaración da Asociación como de utilidade pública.
- 15.6 As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade non poden esperar a súa convocatoria sen grave perxuízo para a SOGALCA.
- 15.7 Todas as non referidas expresamente á Asemblea Ordinaria ou Xunta Directiva.

Artº 16.- Os acordos que atenten contra os estatutos ou infrinxan os fins da SOGALCA poderán ser recorridos en reposición ante a Asemblea Xeral no prazo dun mes. A partir da resolución do recurso de reposición quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdición civil correspondente.

Artº 17.- A Xunta Directiva é o órgano de representación da SOGALCA. Estará integrada por Presidente, Vicepresidente , Secretario-Tesoureiro e polo menos seis vocais. Se nalgún momento a Asemblea Xeral o cre necesario, poderá nomear máis vocais para apoio dos anteriores.

Artº 18.- Os cargos da Xunta Directiva proveranse por elección de acordo co procedemento establecido nos presentes estatutos, en votación directa e secreta, ben directamente o día das eleccións, ou ben por correo.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma voluntaria e gratuíta, sen perxuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

Artº 19.- Os cargos da Xunta Directiva terán vixencia de catro anos, salvo revocación ou renuncia. Non se poderá desempeñar o mesmo cargo, sen solución de continuidade, máis de 8 anos. En caso de vacantes na Xunta Directiva, a propia Xunta poderá designar aos membros necesarios para cubrir os cargos vacantes e só polo tempo que reste ata a celebración da seguinte Asemblea Xeral.

Os cargos cesarán na súa función por:

- a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos
- d) acordo de cese de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos socios reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dá lugar ao cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

Artº 20.- Os trámites a seguir para a celebración do acto electoral serán os seguintes:

- 20.1 O acordo da convocatoria adoptarase pola Xunta Directiva e anunciarase con, polo menos 45 días de antelación á data da celebración das eleccións.
- 20.2 Dentro dos 5 días seguintes ao acordo de convocatoria, pola Secretaría da Xunta enviarase comunicación a todos os asociados na que deberá constar os cargos que han de ser obxecto de elección, así como o proceso de presentación de candidaturas. As candidaturas deberán presentarse na Secretaría da SOGALCA con, polo menos, 15 días de antelación á data sinalada para o acto electoral. Ningún socio poderá ser candidato a máis dun cargo.
- 20.3 A Xunta Directiva, ao día seguinte de finalización do prazo de presentación de candidaturas procederá a proclamar os candidatos e a comunicalo aos asociados, así como o día e hora da celebración do acto electoral e hora na que se pecharán as urnas para o comezo do escrutinio. Caso de haber reclamacións contra as listas, resolverá sobre elas nos 3 días seguintes e notificará a súa resolución a cada reclamante. A Secretaría terá á disposición dos asociados a lista dos socios con dereito a voto.
- 20.4 Para a celebración das eleccións constituírse a Mesa Electoral que estará integrada por un Presidente (o da Xunta Directiva ou membro en quen delegue) e dous vocais (dous membros da Xunta Directiva, un dos cales actuará de Secretario).
- 20.5 Os socios poderán exercer o seu dereito ao voto, ben directamente trala súa identificación mediante documento acreditativo, ben por correo postal dirixido á Secretaría. En caso de voto por correo, este deberá obrar en poder da Secretaría con, polo menos, 24 horas de antelación ao comezo da votación e depositaranse nas urnas para o seu escrutinio tralo peche das mesmas.
- 20.6 Finalizado o escrutinio, a Presidencia anunciará o seu resultado. En caso de empate entenderase elixido o socio de maior antigüidade na SOGALCA.

Artº 21.- A Xunta Directiva reunirse cantas veces o considere oportuno o seu Presidente ou cando o soliciten, coa debida antelación, polo menos tres dos seus membros, e, polo menos unha vez cada seis meses. A asistencia é obrigatoria e a ausencia inxustificada a 3 reunións será motivo de cese. Para poder constituírse válidamente deben de estar presentes a metade máis un dos seus membros e as decisións tomaranse por maioría simple dos asistentes, non sendo válida a delegación de voto. En caso de empate decide o voto do Presidente ou, na súa ausencia, do Vicepresidente.

Artº 22.- O Presidente, o Vicepresidente, e o Secretario-Tesoureiro ou quen regulamentariamente os substitúa, actuarán como Comisión Executiva permanente da Xunta Directiva para os asuntos de trámite.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como as contas anuais.
4. Convocar e fixar as datas da Asemblea Xeral.
5. Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas (ordinarias y extraordinarias) para os asociados.
6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Aquelas que no veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artº 23.- O Presidente ostentará a representación legal da SOGALCA, actuando no seu nome e executando os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva. É competencia do Presidente:

- 23.1 Ostentar a representación, administración, dirección e xestión da SOGALCA conxuntamente coa Xunta Directiva.
- 23.2 Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- 23.3 Velar polo cumprimento dos fins da Asociación, dirixir a xestión a eses fins e asumir as liñas e políticas adoptadas pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

23.4 Acordar coa Xunta Directiva a admisión de novos socios e propoñer á Asemblea Xeral a expulsión daqueles que deran lugar á mesma.

23.5 Decidir con voto de Calidade en caso de empate.

Artº 24.- É competencia do Vicepresidente:

24.1 Dar apoio ao Presidente en todas as súas funcións.

24.2 Substituír ao Presidente en caso de ausencia, enfermidade, ou delegación conforme aos Estatutos.

Artº 25.- As funcións do Secretario-Tesoureiro concréntanse en:

25.1 Custodiar e levar os libros de actas e de rexistro de socios, documentos e selos da Asociación.

25.2 Estender as actas das reunións e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.

25.3 Dirixir os traballos administrativos da SOGALCA e custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade e demais informes precisos.

25.4 Preparar os balances, inventarios e orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

25.5 Autorizar, xunto co Presidente, a disposición de fondos.

25.6 Notificar as convocatorias.

25.7 Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

25.8 O tesoureiro terá a obrigaón de proceder ao peche contable do exercicio antes do 15 de decembro de cada ano, co fin de que as contas estean á disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

Artº 26.- As funcións dos Vocais concréntanse en:

26.1 Prestar apoio á Xunta en calquera actividade que se lles requira.

26.2 Exercer as delegacións ou responsabilidades encomendadas pola mesma.

Artº 27.- As facultades referidas no artigo 25 sobre tramitación administrativa e contable poderán ser contratadas con empresas profesionais do sector, sempre que así o considere a Xunta Directiva.



CAPITULO IV: PATRIMONIO FUNDACIONAL, RECURSOS ECONÓMICOS.

Artº 28.- A SOGALCA carece de patrimonio ao constituírse e o límite do orzamento anual é indeterminado. A SOGALCA levará unha contabilidade conforme ás normas específicas que lle resulten de aplicación e que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. O exercicio asociativo coincidirá co ano natural.

Artº 29.- Os recursos económicos para atender aos seus fins serán os seguintes:

- 29.1 As aportacións e cotas dos asociados (ordinarios e extraordinarios) que en ningún caso serán reintegrables.
- 29.2 Os ingresos que poidan recibir polo desenvolvemento das súas actividades, sempre que isto non desvirtúe o carácter non lucrativo da SOGALCA.
- 29.3 Os donativos, subvencións, herdanzas e legados que poidan ser concedidos e sexan aceptados de Organismos Públicos, Corporacións Locais, Entidades Privadas ou Particulares.
- 29.4 Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades.
- 29.5 Para a disposición de fondos que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura.

Artº 30.- A Xunta Directiva, con carácter anual e durante o primeiro cuadrimestre, presentará á Asemblea un proxecto de orzamento para a súa aprobación. Así mesmo, presentará igualmente para a súa aprobación, a liquidación de contas do ano anterior.

O exercicio económico da asociación coincide co ano natural. Tratándose do primeiro exercicio estenderase polo que reste do ano a partir da inscrición da asociación no rexistro de asociacións.

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os socios os recursos obtidos pola asociación.

CAPITULO V: DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artº 31.- Para a modificación dos Estatutos, requirirase o acordo adoptado pola Asemblea Xeral convocada especificamente con tal obxecto, debendo de ser obxecto de inscrición no prazo de 1 mes e só producirá efectos, tanto para os asociados como para os terceiros, desde que se procedera á súa inscrición no Rexistro de Asociacións. As restantes modificacións producirán efectos para os asociados desde o momento da súa adopción de acordo cos

procedementos estatutarios, mentres que para os terceiros será necesaria, ademais, a inscrición no rexistro correspondente.

CAPITULO VI: DO RÉXIME INTERNO

A regulación do réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VII: DA LIQUIDACIÓN DO PATRIMONIO E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artº 32.- A SOGALCA, disolverase polas seguintes causas:

- 32.1 Pola vontade dos socios, acordada polas dúas terceiras partes dos mesmos en Asemblea Extraordinaria convocada a tal efecto.
- 32.2 Por sentenza xudicial.
- 32.3 Por outras causas determinadas legalmente.

Artº 33.- Acordada a disolución voluntaria, a Xunta Directiva procederá a efectuar a liquidación e disolución da Asociación, conforme o acordado en Asemblea Xeral, correspondendo aos liquidadores:

- 33.1 Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- 33.2 Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- 33.3 Cobrar os créditos da Asociación.
- 33.4 Liquidar o patrimonio e pagar aos acredores.

Artº 34.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, será doado a unha entidade non lucrativa que previamente acordara a Asemblea Xeral. O xustificante de doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente. Concluído o procedemento de disolución e liquidación solicitarase a cancelación dos asentos no Rexistro de Asociacións e a inscrición da disolución.



Dilixencia para facer constar que os presentes Estatutos foron redactados de acordo coas decisións tomadas na Asemblea Xeral Extraordinaria que a Sociedade Galega de Calidade Asistencial celebrou con este fin en Santiago de Compostela o día.....de.....de.....

O PRESIDENTE

O SECRETARIO